

Zaida e a bolboreta espiritual da Terra Chá




PEPÉ POL*

No inmenso deserto do Sáhara malvivía, afogándose no sufoco que produce a necesidade, unha nena chamada Zaida. Quedou orfa, pois os seus pais morreron loitando na guerra cruenta da fame. Agora naquel campo de refuxiados saharauis estaba baixo a sombra protectora duns tíos. A rapaza temía que a súa flor de vida quedara moi pronto torrada e abrasada polo sol da pobreza, fogo terrible; por veces pedía que aparecera algunha nube e intercedera por ela deixando caer as gotas imprescindibles para recuperarse economicamente, non quería choivas de riqueza, soamente a necesaria axuda para sobrevivir. Soñaba ollando a casa o ceo e retaba agardando que ese milagre chegara. Era tan crítica a situación que do seu corpo feble, por aqueles ollos que parecían estar perdidos na inmensidade, saían as bágoas. Pero esa auga máis murchaba a Zaida e facía medrar a súa tristura porque era auténtico sal; pena é que sendo os adentros dunha nena sempre doce, pois todos sabemos que a fonte da infancia é pura, cristalina e límpida; pois neste caso esa fontíña fora contaminada polo odio, a violencia e a discriminación, pedras moi duras que o mundo ingrato estaba cada día botando na pectoral fonte de Zaida e a súa cabeciña ía sendo emba-razada de malos pensamentos, cando

debía ser neno de fantasías e ilusións. As súas mans a piques estaban de romper e escachar as blondas do tempo, a súa boca, preparada para disparar verbas de pólvora pero, cando se atopaba xa soterrándose viva na fosa da trincheira dos que viven morrendo en vida, esmagados polos poderosos que soamente queren ser os reis na Cidade terra de San Agustín; entón apareceu nese deserto un aire fresco, aviso de que era posible que chegara a choiva tan necesaria. Efectivamente, un colectivo galego, concretamente unha asociación lucense de "MENSAXEIRO DA PAZ", como se fora o maná para aquel deserto presentouse ofrecendo a posibilidade de que nenos e nenas daquel paraxe africano poderán vir a descontaminarse sentimentalmente nunha terra tan ecolóxica como Galicia. Zaida cando recibiu esa nova, pensou que era un espellismo ou que o siroco meteu areá nos seus ollos e nubrava a súa vista; pero despois de refregarse unha e outra vez os órganos visuais, a súa ollada era a mesma: uns homes e mulleres falando cós seus tíos para traela xunto con outros cativos a pasar un mes en Galicia. Como a súa equipaxe era nula, agás dun par de vestidos vellos, pronto estivo preparada. Era rescatada temporalmente do inferno da miseria. Parecía, o grupo de rapaces, auga pura evaporado do deserto, pero aínda que con cara a un edén terreal; cando subiron ao avión que os trouxo a Santiago de Compostela Zaida choraba porque non podía levar con ela a eses seres queridos, que, por ter o peso de ser adultos, eran demasiado lastre para despegar da terra, onde lentamente, nesas áreas movedizas írfan soterrándose. Cando chegaron a Galicia os nenos/as serían acollidos por diferentes familias humanitarias que abrían as súas portas a estes seres tan necesitados de abrigo económico e afectivo. Zaida en chegando a Terra Chá quedo abraíada vendo paraxe tan verde, ubérrimo; un pequeno paraíso regado agarimosamente polo pai dos

ríos galegos (o Miño). A familia, que estaba preparada para acollela, integraban soamente dous vellos anciáns begontinos, Uxía e Brais, que tiveron un fillo, pero un día por culpa dunha guerra entre irmáns, deixou no fronte a botella da súa corporal vida rota, escachada e o seu viño de existencia dun grolo maldito bebeuno a nai terra naquel sitio de Belchite. O seu corpo, aqueles trociños de cristal humana están soterrados no cemiterio da súa aldea natal. Cando chegou Zaida aquel matrimonio fundiuse nunha intensa aperta con ela; pois chegaba ao seu fogar a chama da vida da nenez que tanto necesitaban. Atopouse a rapaza nun mundo novo, pasou da boca do demo, a estar no mesmo ceo. A neníña fixo amizade con outros rapaces begontinos. Aqueles velos estaban moi ledos, parece que sendo verán vivían na primeira primavera.

Zaida corría polos campos da terra Chá collendo flores para agasallar a ese matrimonio que entregábanlle un bico e un sorriso inmenso; tamén intentaba cazar bolboretas de ilusión pero cando estaba a piques de collelas chega o aviso de que está a rematar a súa estancia. Aquele aviso aínda que esperado esnaquizou o xa debilitado corazón dos avós. A nena percibiu a fonda tristura que tamén ela tiña. Aquele derradeiro domingo foron a misa e, a saída, aproveitando que Zaida marchaba cos seus amigos/as dar un paseo, derrubáronse coa tristura ante as mans do pai Xesús Domínguez Guizán. Este quedou impresionado porque sabía que se esa nena era adoptada por estes anciáns, cousa difícil dado a súa idade, habería conseguido dobre felicidade, para Zaida e para eles, pois a rapaciña tampouco quería marchar. Dixo o crego que o intentaría e estes marchan bicando as súas mans e rezando a Virxe e o seu fillo que El  é como dixo Felix Villares "A ESTRELA DA TERRA" conceda, coa súa luz espiritual, que ese desexo sexa realidade. Cando eles marchan a súa casa deixando a que é de

todos, a igrexa de Begonte, D. Xesús, despois de tamén pedir a Cristo e a Sagrada Familia que interceda polos que necesitan desa nova filla, pois aquel que tiñan xa é un anxo, demandando que axuden para que esa petición sexa atendida axiña, ponse en contacto con eses que son reis da Cidade Eterna. Intenta ser a ponte dos que reteñen o goberno da Cidade Terreal; envía rapidamente escritos a uns e outros expoñendo a situación. Pasaban os días, quedaba un par de xornadas; xa a muller ía prepararse para facer as maletas da nena cando chegou a porta da casa D. Xesús Domínguez Guizán, o señor Alcalde e outras personalidades que traen nas súas mans o maior dos agasallos pois son portadores da noticia de que poden adoptar a Zaida. A piques estiveron de morrer coa impresión da ledicia da nova. Os tres fundíronse nunha aperta e a avoa berrou “o Belén de Begonte obrou esta milagre hoxe”.

A nena non o vira nunca e preguntou “Qué é?” (Xa sabía falar galego pois comezou a ir a escola), o avó respondeu: “Neniña, a Bolboreta Espiritual de Terra Cha que se pousa nestes campos polo Nadal”. Zaida pateando dicía: “¡quero collela!, ¡quero vela!, e os vellos responderon dándolle un bico agarimoso: “Non teñas pena poderás vela dende primeiro de decembro ata finais de xaneiro pousada nos pétalos da igrexa de Begonte pero non podes collela porque as súas cores son cores espirituais e non materiais. No vindeiro tempo do Nadal e nos anos sucesivos iremos os tres dar gracias a esa Bolboreta porque nas súas ás trouxo a ledicia a esta casa”. Pasaron os meses, xa chegou a notificación xudicial definitiva de que Zaida era xa unha filla adoptiva nesa casa begontina, chegaron as neves regando de pureza a Terra Chá. Volveu a inaugurarse o Belén electrónico de Begonte. Entón os avós dixeron a Zaida que aquel primeiro de decembro ía ver por primeira vez a Bolboreta da Terra Chá. A neniña xa non durmía aquela

noite coa ledicia. Cando chegou o momento agardando ante a porta do belén o seu corazón parecía saírse do seu peito os seus latexos. Entraron e Zaida non puido reter un abraiante: “¡Oohhhh!. Nun impulso propio da súa idade avanzaron para coller ou tocar a Bolboreta pero a avoa coa delicadeza da muller galega, suxeitou o brazo de Zaida dicindo: “Filla, non podemos collela, esta é de todos, deixémola voar, ter que ir polo mundo levando a mensaxe do Nadal pero se queres collela, un reflexo desa beleza grandiosa está no teu corazón”.

A nena mentres acariñaba coa súa delicada ollada a aquela extraordinaria bolboreta, coa súa man dereita foi ata o campo do seu peito onde notou o latexar dese outro exemplar que todos temos no noso eido corporal, a bolboreta do corazón que recorda, cos seus latidos que todos vivimos en primavera se queremos, aínda que fora sexa o máis cru inverno.

Zaida entón pediu en voz baixa que a Bolboreta da Terra Chá, ese Belén, cando fose polo mundo levara o seu bater salvador as súas xentes saharauis e aquela noite no seu soño viu coma as súas xentes volvían a recobrar a primavera que levaban moitos anos sen vivir, porque cando a finais de xaneiro péchase o belén de Begonte esas figuras de terracota despois de deixar sementada a paz e a felicidade na terra marchan cara a súa residencia no ceo, agallopando no cometa da espiritualidade, e nese itinerario van deixando, polos lugares do mundo que percorren tódalas peticións e desexos que recibiron nese par de meses feitos realidade e, como é normal Zaida cando estivo no Belén pediu a paz, pan terra e seguridade para a súa familia e o seu pobo. Cousas que foron realidade porque a “Bolboreta do Belén de Begonte” un día fixo estaba nese deserto para cumprir a petición daquela nena que esperaba a súa volta noutro Nadal.

**O Poeta de Montefurado.*